

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Ogrobe

COMARCA: Salnés

DATA: 22/04/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN: Local BNG

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 10

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 2

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: tod@s

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Luis Chan, resp. local

Representante Consello Nacional: Manolo Domínguez, resp. comarcal

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 10

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 2h 40 min

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):

Coloquio, anotando ideas en mural de papel.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea
ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

Moi semellante ás asembleas ordinarias. Bo nivel de participación.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

- Escasa conciencia nacional.
- Crise con maiores efectos no resto do Estado, grande aumento da pobreza.
- Desmantelamento dos sectores produtivos e despoboamento do rural.
- Choque entre éxito sindical e resultados eleitorais a nivel político.
- Efecto homoxeneizador das TICs e medios de comunicación.
- Acomodamento social no referente á defensa dos dereitos.
- Visibilízase ao nacionalismo útil como ariete (así os resultados sindicais), pero non tanto como forza de goberno.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

- Novas formas de comunicarse coas TICs.
- Recuperación da combatividade, actitude enérxica.
- Poñer en valor as nosas fortalezas: o sindicalismo nacionalista, e o noso nivel de participación (presenza na organización).
- Mellorar o atractivo para a mocidade e os sectores sociais máis dinámicos.
- Potenciar comunicadores máis accesibles, entendibles e empáticos, e máis dialogantes nas formas.
- Resaltar a nosa coherencia; a este respecto, coidado cos xestos uniformizadores alí onde gobernamos (asistencia a actos relixiosos ou a recepción da G. Civil o 12 de outubro...).
- Aumentar o apoio e defensa aos nosos sectores produtivos e emprendedores.
- Non centrarse só en aspectos como a lingua (que xa se percibe como preocupación nosa “de serie”, no noso ADN), e resaltar outros ámbitos do noso ideario.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

- Rachar cunha certa “titulite”, presente tamén na organización: valorar opinións e análises de toda a militancia. Varias persoas sinalan que existe un certo “deslumbramento” polas titulacións universitarias.
- A marca BNG segue a ter peso, prestixio e coñecemento.